



2024/SUBCC/000010

BASES DA CONVOCATORIA DA IV EDICIÓN DOS PREMIOS LITERARIOS PINTO E MARAGOTA, EN COLABORACIÓN CON EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, PARA VISIBILIZAR E DIGNIFICAR A DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024.

1.- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva para o mundo cultural, dos premios literarios Pinto e Maragota correspondentes ao ano 2024.

Ditos premios están orientados a recoñecer e valorar aquelas obras literarias innovadoras e relevantes en canto á visibilización e dignificación da diversidade sexual e de xénero: orientación sexual e/ou identidade de xénero.

2.- Persoas beneficiarias

Poderá concorrer calquera autora ou autor, de calquera nacionalidade, maior de idade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial establecida pola Real Academia Galega.

3.- Orzamento e aplicación orzamentaria

Concederase un único premio de 3.000 €, imputados á partida de Benestar Social do orzamento de gastos de 2024.

Para a concesión dos premios desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 3.000 € con cargo a aplicación orzamentaria: 12-2311-48100.

4.- Documentación específica que debe achegarse para presentarse ao premio do concurso e prazo de presentación

O xénero literario das obras presentadas poderá ser novela, teatro ou poesía para o público infantil, xuvenil e adulto e o contido mínimo de caracteres será o seguinte:

a) Novela ou obra dramática para público adulto.- O texto deberá ter unha extensión total mínima de 90.000 caracteres con espazos.

b) Poesía para público adulto.- O texto conterá un mínimo de 500 versos de forma libre.

Cada participante poderá presentar cantas obras quixer en envíos separados.

As obras presentadas deben ser orixinais e inéditas, entendendo por obra inédita a que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte por ningún tipo de procedemento.

As persoas participantes enviarán os traballos en formato PDF por correo electrónico, co asunto "Para o IV Premio Literario PINTO E MARAGOTA", ao enderezo igualdade@pontevedra.eu, desde a apertura do prazo.





Deberanse incluír no correo electrónico dous arquivos:

- Un co orixinal, que deberá ser presentado baixo un lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a.
- E outro co nome completo, idade, enderezo, teléfono, título da obra e número de conta.

A persoa gañadora do concurso deberá achegar copia do DNI e certificación de número da conta bancaria na que estea autorizada.

O prazo de presentación pecharase transcorridos 60 días naturais despois da publicación das Bases no BOP.

O premio non poderá ser dividido, pero si declarado deserto.

As decisións do xurado avaliador serán inapelables.

5.- Xustificación dos premios

A xustificación terá a forma de conta xustificativa simplificada (art. 75 do RD 887/2006 e base 43 das de execución do orzamento xeral para 2021).

De acordo co art. 13 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno do Concello o 17/09/2004 (BOP núm. 190, de 30 de setembro de 2004), unha vez avaliados os traballos presentados, o órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria emitirá un informe no que concrete o premio outorgado identificando a persoa gañadora, o DNI e a certificación do número da conta bancaria na que estea autorizada.

O órgano instrutor, baseándose na acta do xurado, formulará a proposta de pagamento que se remitirá á Intervención Xeral para a súa fiscalización e posterior aprobación polo Alcalde.

6.- Órgano instrutor

A instrución do procedemento da concesión de premios correspóndelle ao Servizo de Benestar Social do Concello.

7.- Composición do xurado cualificador

A composición do xurado que levará a cabo a cualificación dos traballos presentados estará composta por:

- 2 persoas designadas pola concelleira delegada de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía.
- 1 persoa proposta por Edicións Xerais de Galicia.





Con voz, pero sen voto, unha persoa funcionaria municipal designado pola concelleira delegada de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, que fará a función de secretaría do xurado.

8.- Criterios obxectivos de outorgamento do premio

O premio outorgarase seguindo os criterios obxectivos establecidos polo órgano xestor nas bases reguladoras dos premios, tendo en conta en xeral o nivel de calidade literaria da obra e o tratamento da temática de diversidade de sexo e xénero dentro da mesma en consonancia cos obxectivos do IV Plan de Igualdade de Xénero do Concello de Pontevedra.

9.- Xustificación do premio

Ao abeiro do art. 88.1 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, o premio económico concedido quedará debidamente xustificado coa presentación da acta da reunión do xurado na que se acorde outorgar o IV Premio Literario Pinto e Maragota que regula estas bases.

10.- Forma de pagamento

O decreto do Alcalde no que se outorgue o premio á persoa gañadora disporá tamén o seu pagamento na contía que corresponda.

A Tesouraría municipal realizará o pagamento do premio na conta bancaria determinada pola persoa gañadora, consonte co procedemento determinado na normativa de aplicación.

11.- Procedemento e órgano resolutorio

Segundo o disposto no art. 11 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello, o procedemento ordinario para a concesión de subvencións será mediante convocatoria pública e polo procedemento de concurso; e o órgano competente para a aprobación da convocatoria, a aprobación das bases e a resolución do procedemento é o Alcalde cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros.

12.- Publicidade e difusión dos premios.

Ao outorgamento dos premios daráselle a publicidade segundo o establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S. A.

Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas e fará efectivo o Concello de Pontevedra.





Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dunha obra e o ditame do xurado esa obra obtivese outro premio, o autor ou autora deberá comunicalo inmediatamente ao Concello de Pontevedra, retirándoa do Premio *Pinto e Maragota*.

En calquera caso, enténdese que a obtención dun premio anterior implica a renuncia automática ó premio *Pinto e Maragota* que lle puidese ser atribuído a esa obra por descoñecemento desta circunstancia, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que a autora ou autor puidese incorrer pola omisión do deber formulado nesta base.

Os orixinais non premiados non se devolverán e serán destruídos.

A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.

O premio non poderá ser dividido pero si ser declarado deserto no caso de non atoparse a calidade suficiente para outorgalo.

14.- Información sobre a convocatoria.

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida polo Centro de Información á Muller (CIM) (tlf: 986 864 825; e-mail: igualdade@pontevedra.eu).

15.- Protección dos datos de carácter persoal.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria serán incluídos nun ficheiro responsabilidade do Concello, cuxo obxecto é xestionar este procedemento así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

Os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento así como o seu consentimento, poderán exercerse mediante o envío dunha comunicación a Concello de Pontevedra, con CIF: P3603800H e enderezo en rúa Michelena, 30, 36071 Pontevedra ou ao seguinte enderezo electrónico: sede@pontevedra.eu.

Tamén poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

A Concelleira de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía na data que figura na sinatura electrónica.

